



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

TEST DO PRIMEIRO EXERCICIO DO EXAME PARA UNHA PRAZA DE TÉCNICO INFORMÁTICO .

CÓDIGO ASPIRANTE/OPOSITOR:

1	Segundo a “Guía de Seguridade das TIC CCN-STIC 817”, os ataques dirixidos contra organizacións concretas, sustentados en mecanismos moi sofisticados de ocultación, anonimato e persistencia, nos que de xeito habitual se empregan técnicas de enxeñería social para conseguir os seus obxectivos xunto co uso de procedementos de ataque coñecidos ou xenuinos	
A	Son ciberincidentes de tipo APT que se clasificación na categoría “Compromiso de la información”	
B	Son ciberincidentes de tipo APT que se clasificación na categoría “Intrusión”	
C	Son ciberincidentes de tipo APT que se clasificación na categoría “Obtención de información”	
D	Son ciberincidentes de tipo APT que se clasificación na categoría “Otros”	

2	O artigo 17.3 do ENI establece que as Administracións Públicas publicarán as aplicacións reutilizables, en modo produto ou en modo servizo, nos directorios de aplicacións para a súa libre reutilización. Cal dos seguintes non é un dos contidos que sinala como requiridos o dito artigo?	
A	Código fonte das aplicacións finalizadas, no caso de ser reutilizables en modo produto e ter sido declaradas de fontes abertas	
B	Condições de licenciamento de todos os activos, no caso de ser reutilizables en modo produto, o nivel de servizo ofrecido no caso de ser reutilizables en modo servizo	
C	Documentación asociada	
D	Os custos asociados ao seu desenvolvemento	

3	En relación aos roles dos axentes que participan nos intercambios intermediados de datos, que define a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos, cal sería o rol dunha entidade local que solicita datos a un organismo da Administración Xeral do Estado a través dun nodo de interoperabilidade?	
A	Cedente	
B	Cesionario	
C	Requirente	
D	Ningunha das respostas é correcta	





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

4	No eido do e-learning H5P:	
A	É un complemento de código aberto para a creación de contidos interactivos en HTML 5 orientado a sistemas LMS	
B	É unha especificación do W3G para a creación e publicación de contidos en HTML 5 orientada a sistemas LMS	
C	É un protocolo OSI da capa presentación que define o marco para a transferencia de contidos interactivos orientado a sistemas LMS	
D	É un ferramenta WYSIWYG de código aberto para a edición de código HTML 5 orientado a sistemas LMS	

5	Un equipo de conexión de rede que indica nas súas especificacións que é un equipo de usuario conforme á categoría 12 LTE UE, segundo o establecido polo 3GPP, podería acadar velocidades máximas de:	
A	No entorno dos 150 Mbps en baixada e dos 50 Mbps en subida	
B	No entorno dos 300 Mbps en baixada e dos 50 Mbps en subida	
C	No entorno dos 600 Mbps en baixada e dos 100 Mbps en subida	
D	Ningunha resposta é correcta	

6	No eido da protección de datos persoais, cal das seguintes afirmacións é correcta?	
A	A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, no seu artigo 6.2, refire que o tratamento dos datos persoais tan só poderá fundarse no seu consentimento a partir dos 13 anos de idade que establece como idade mínima o RXPD	
B	A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece no seu artigo 7.1, que o tratamento dos datos dunha persoa menor de idade tan só poderá fundarse no seu consentimento a partir dos 14 anos de idade	
C	A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece no seu artigo 8.2, que o tratamento dos datos dunha persoa menor de idade tan só poderá fundarse no seu consentimento a partir dos 16 anos de idade	
D	A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece no seu artigo 9.1, que o tratamento dos datos persoais tan só poderá fundarse no seu consentimento cando a persoa teña acadado a maioría de idade fixada nos 18 anos	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

7	Cal das seguintes non é unha función do Delegado de Protección de Datos?	
A	Cooperar coa Autoridade de control	
B	Informar e asesorar, sobre as obrigas do RXPDP e do resto de normativa aplicable en materia de protección de datos, ao responsable ou ao encargado do tratamento e aos empregados que se ocupen do tratamento	
C	Manter actualizado o Rexistro de Actividades de Tratamento, incluso en formato electrónico, que deberá estar a disposición da Autoridade de control	
D	Supervisar o cumprimento do RXPDP e resto de normativa aplicable en materia de protección de datos	

8	Conforme á normativa vixente en materia de identificación electrónica e servizos electrónicos de confianza, que cantidade mínima debería ter, como garantía para facer fronte á responsabilidade civil, un prestador cualificado de servizos electrónicos de confianza que emita certificados en España, sempre e cando o dito prestador non pertenza ao sector público?	
A	Constituír un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 1.500.000 euros, engadindo 500.000 euros adicionais por cada tipo de servizo cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014	
B	Constituír un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 2.000.000 euros, engadindo 500.000 euros adicionais por cada tipo de servizo cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014	
C	Constituír un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 2.500.000 euros, engadindo 500.000 euros adicionais por cada tipo de servizo cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014	
D	Constituír un seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 euros, engadindo 500.000 euros adicionais por cada tipo de servizo cualificado dos previstos no Regulamento (UE) 910/2014	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

9	A vixencia máxima e a caducidade dos certificados electrónicos cualificados, segundo a normativa vixente en materia de identificación electrónica e servizos electrónicos de confianza:	
A	Non será superior aos tres anos	
B	Non será superior aos catro anos	
C	Non será superior aos cinco anos	
D	Non será superior aos seis anos	

10	Respecto do procedemento de certificación e adaptación á normativa SICRES 3.0 e a súa integración coa plataforma SIR, sinala a opción que non é correcta:	
A	A integración no SIR leva consigo implicacións legais e responsabilidades asociadas ao intercambio polo que é preciso dispor dun soporte xurídico que é preciso formalizar con carácter previo	
B	O procedemento certifica instalacións, a súa adaptación á norma SICRES 3.0 e todo o necesario para a súa integración na plataforma SIR, non o funcionamento global do sistema	
C	O procedemento certifica o funcionamento global, a súa adaptación á norma SICRES 3.0 e todo o necesario para a súa integración na plataforma SIR, nunca se certifica unha instalación	
D	Durante o proceso de certificación tan só se admitirán desenvolvementos puntuais que teñan que ver coa corrección de erros detectados no proceso	

11	Elixa a afirmación correcta, en relación co contido da tarxeta chip do DNI electrónico:	
A	Inclúese un certificado electrónico único, persoal e intransferible, coa dobre funcionalidade de sinatura electrónica e de autenticación	
B	Inclúense, entre outros, os datos de filiación do cidadán (os mesmos que están impresos no soporte físico do DNI), xunto cunha imaxe da fotografía	
C	Os datos contidos, en todo caso, só son accesibles en lectura polo cidadán, mediante a utilización da Clave Persoal de Acceso (ou PIN) como garantía de confidencialidade	
D	Non inclúe unha imaxe da fotografía	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

12	Segundo a NTI de requisitos de conexión á rede de comunicación das administración públicas españolas, cal dos seguintes NON é un tipo de Punto de Presenza (PdP) da Rede SARA?		
A	Provedores de Acceso á Rede SARA (PAS)		
B	Centros de Proceso de Datos (CPD) de SARA		
C	Rede sTESTA (secure Trans-European Services for Telematics between Administrations)		
D	Rede MPLS punto a punto		

13	Cal é un contido clave da Norma Técnica de Interoperabilidade de Modelo de Datos para o intercambio de asentos entre entidades rexistras?		
A	Sicres		
B	Os metadatos		
C	Acceda		
D	Habilita		

14	No modelo de datos relacional, o conxunto non baleiro de atributos dunha relación cuxos valores serven para referenciar a clave primaria doutra relación do mesmo dominio, denomínase:		
A	Superclave		
B	Clave principal		
C	Tupla múltiple		
D	Clave allea		





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

15	Unha relación que estea en terceira forma normal ou 3FN:		
A	Non ten por que estar en primeira forma normal ou 1FN		
B	Ten dependencias funcionais transitivas		
C	Ten atributos multivaluados		
D	Ningunha das anteriores		

16	O termo "ACID" relacionado cunha transacción de base de datos correspóndese coas propiedades:		
A	Autentication, Consistency, Integrity, Durability		
B	Atomicity, Confidentiality, Identification, Durability		
C	Atomicity, Consistency, Isolation, Durability		
D	Availability, Consistency, Isolation, Durability		

17	Dentro da arquitectura JEE, as EJB localízanse na capa:		
A	Web		
B	Cliente		
C	Negocio		
D	Datos		

18	No eido das comunicacións móbiles os termos "Handover" e "Handoff":		
A	"Handoff" é sinónimo de "Roaming"		
B	"Handoff" non existe		
C	"Handover" fai referencia á conmutación entre diferentes BTS e "Handoff" aos cambios de canal na mesma BTS		
D	Teñen o mesmo significado		





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

19	Que información contén unha SIM (Subscriber Identity Module)?	
A	Clave de indexación Kx	
B	IMSI	
C	NSS	
D	Todas as respostas son correctas	

20	No eido do aseguramento da calidade do software, en relación ao concepto de proba unitaria, sinala a resposta que non é correcta:	
A	JUNIT é un conxunto de bibliotecas empregadas en programación en Java para facer probas unitarias en aplicacións	
B	Permiten verificar a interacción entre obxectos e as compoñentes que forman o sistema	
C	Deben ser rápidas	
D	Adoitan ser automatizables	

21	Eres o administrador da rede do Concello de Abegondo. A rede consiste nun dominio simple de Active Directory co nome abegondo.org. Tes tres servidores DNS configurados do seguinte xeito: .- Un servidor DNS primario na sede principal. .- Un servidor DNS secundario en cada sucursal. O Concello ten dúas sucursais. Os tres servidores están configurados en máquinas con sistema operativo Windows Server 2016, na súa edición Datacenter. Tes que comprobar que os datos DNS están actualizados en todos os servidores. Que poderías facer en cada un dos servidores DNS?	
A	Consultar o monitor de replicación do sistema	
B	Empregar o monitor do sistema	
C	Revisar o rexistro de eventos	
D	Revisar as propiedades da zona abegondo.org	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

22	Eres o administrador da rede do Concello de Abegondo. A rede consiste nun dominio simple de Active Directory co nome abegondo.org. Todos os controladores de dominio e servidores están configurados en máquinas con sistema operativo Windows Server 2016, na súa edición Datacenter. Os equipos cliente da rede traballan en Windows 10 Pro. O Concello vai incorporar ao persoal que viña traballando para unha empresa concesionaria. Recibes un arquivo delimitado por comas coa información das contas de usuario do persoal a incorporar. Debes importar as contas ao teu dominio. Que comando empregarías?	
A	csvde	
B	dsadd user	
C	ldifde	
D	Ntdsutil coa opción de restauración autoritaria	

23	Respecto do marco para o desenvolvemento de software definido polo Proceso Unificado sinale a resposta que non é correcta:	
A	É un proceso iterativo e incremental	
B	Está centrado na arquitectura do software	
C	Está artellado en 5 fases: inicio, elaboración, construción, transición e probas	
D	Está dirixido polos casos de uso e enfocado á xestión do risco	

24	Sinala a resposta correcta. No eido do desenvolvemento de software, o termo GRASP refírese a:	
A	Un conxunto de patróns empregados para a asignación de responsabilidades	
B	Un proceso global para a determinación dos artefactos que compoñen o sistema	
C	Un sistema de apoio á análise de recursos en sistemas de información xeográfica	
D	Aos principios básicos da programación funcional	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

25	Cuando tenemos que enviar los datos de un formulario a una página php para que los procese. ¿En qué propiedad del formulario indicaremos el nombre de la página?.	
A	name	
B	method	
C	action	
D	src	

26	Existe la obligación de designar a un Delegado de Protección De Datos (DPD) si:	
A	Si el tratamiento de los datos corre a cargo de una autoridad u organismo público.	
B	Si las actividades y operaciones principales del responsable de datos exigen seguimiento regular y sistemático a gran escala.	
C	Si las actividades y operaciones principales del responsable requieren tratamientos a gran escala de datos personales que tienen que ver con delitos y condenas	
D	Todas son correctas.	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

27	En UNIX, mediante el comando “ls -al more” conseguiremos:		
A	Listar el contenido de un directorio.		
B	Listar los archivos con la extensión “al”.		
C	Listar por impresora el contenido del directorio actual.		
D	Obtener el listado detallado del contenido de un directorio por páginas.		

28	¿Qué método hay que invocar para ejecutar un programa en Java?		
A	do		
B	exec		
C	main		
D	start		

29	La topología de red define la estructura de una red. ¿Cuál de las siguientes no es una topología física?.		
A	Topología de anillo.		
B	Topología de estrella.		
C	Topología de malla		
D	La topología <i>broadcast</i> .		





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

30	Nun Sistema de Arquivo, cando falamos da incorporación de METS, a que nos estamos a referir?		
A	A adecuación á metodoloxía de dixitalización establecida no marco da iniciativa DigitalPreservationEurope – DPE Project		
B	Á incorporación de metadatos que permiten identificar, describir e localizar recursos dixitais		
C	Á incorporación ao Sistema de capacidades avanzadas para o recoñecemento de textos e cadeas		
D	Á necesaria adaptación dos procesos do Arquivo aos estándares de intercambio, transferencia e seguridade da información, establecidos no Marco de Referencia do Arquivo Dixital Integrado		

31	Sinala cal das seguintes accións non se podería levar a cabo, no Arquivo Electrónico Administrativo, sobre un expediente xa pechado		
A	Achega de documentos		
B	Consulta		
C	Destrución		
D	Sinatura dixital		

32	Identifica cal dos seguintes elementos non é un proceso de xestión documental segundo a NTI Política de Xestión de Documentos Electrónicos		
A	Clasificación		
B	Destrución		
C	Rexistro		
D	Sinatura		





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

33	En cal dos seguintes supostos é posible denegar o acceso a información pública en virtude da normativa de transparencia?	
A	Cando a solicitude se refira a datos persoais	
B	Cando a solicitude non está motivada	
C	Cando a persoa á que afecta a información solicitada non deu o seu consentimento	
D	Cando se refiran a información que estea en proceso de elaboración	

34	A información contida no Perfil do Contratante dunha entidade local permanecerá accesible desde a súa publicación:	
A	Como mínimo 1 ano	
B	Como mínimo 2 anos e, en calquera caso, durante o período de vixencia do contrato	
C	Como mínimo 3 anos	
D	Como mínimo 5 anos	

35	Un dos principios xerais das relacións interadministrativas é:	
A	A eficiencia na xestión dos recursos privados	
B	A garantía e igualdade no exercicio das obrigas de todos os cidadáns nas súas relacións coas diferentes Administracións	
C	A lealdade institucional	
D	Todas as respostas son correctas	

36	No eido da arquitectura de computadores, en particular respecto dos sistemas de E/S, se falamos de interrupcións vectorizadas estamos a falar:	
A	Dunha técnica que emprega direccionamento absoluto	
B	Dunha técnica que emprega direccionamento relativo	
C	Dunha técnica que emprega direccionamento relativo indirecto	
D	Ningunha resposta é correcta	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

37	Sexa unha computadora con memoria virtual e un tempo de acceso a memoria de 60 ns. O tempo preciso para tratar un fallo de páxina é de 10 ms. Se a taxa de acerto é do 90%, cal será o tempo medio de acceso a unha palabra neste equipo?	
A	240060 ns	
B	1000036 ns	
C	1000042 ns	
D	1000060 ns	

38	No eido dos SIX, se falamos de SLD:	
A	É un esquema XML proposto polo OGC como linguaxe estándar para describir estilos de visualización (raster e vectorial)	
B	É un protocolo independente proposto polo OGC que define unha linguaxe independente para a extracción, procesado e análise de coberturas multidimensionais que representan datos que proveñen da observación (como por exemplo sensores da calidade da auga, imaxe por satélite).	
C	É un servizo estándar do OGC que ofrece unha interface de comunicación que permite interactuar cos obxectos xeográficos polo estándar de definición de capas (como por exemplo editar, consultar ou descargar un obxecto xeográfico).	
D	Ningunha resposta é correcta	

39	No eido dos SIX, o SQL espacial define unha extensión de SQL para a consulta de información xeográfica. Cal das seguintes non se considera unha operación espacial?	
A	boundary	
B	buffer	
C	distance	
D	envelope	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

40	O cliente lixeiro SCSPv3, na súa versión cloud, permite ás Administracións Públicas (AAPP) a consulta á Plataforma de Intermediación de Datos. Que concellos poden solicitar o uso deste servizo?	
A	Os de menos de 5000 habitantes	
B	Os de máis de 5000 habitantes	
C	Os de menos de 50000 habitantes	
D	Calquera AAPP, de xeito motivado, pode solicitar a súa adhesión ao servizo	

41	Identifica cal dos seguintes non é un dos doce principios do Manifesto Ágil:	
A	Entregamos software funcional frecuentemente entre dos semanas e tres meses, con preferencia do período de tempo máis curto posible	
B	A simplicidade, o arte de maximizar a cantidade de traballo non desenvolvido é esencial	
C	As mellores arquitecturas, requisitos e deseños emerxen dos equipos ben organizados	
D	O software funcionando é a medida principal do progreso	

42	Respecto do SCRUM framework no eido do desenvolvemento de software:	
A	O Product owner é a persoa responsable de velar polos intereses de todos os stakeholders e levar o proxecto a bo termo. Polo tanto é o encargado de decidir que se implementa e fixar prioridades	
B	É un método iterativo e incremental para o desenvolvemento software	
C	É un método lixeiro inspirado na pensamento lean	
D	Todas as respostas son correctas	





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

43	Cal das seguintes funcións non corresponde á unidade responsable de accesibilidade no marco do Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicación para dispositivos móbiles do sector público	
A	Atender e dar resposta ás reclamacións que, en aplicación do disposto no artigo 13	
B	Coordinar e fomentar as actividades de promoción, concienciación e formación establecidas no artigo 8	
C	Realizar as avaliacións precisas para acollerse á excepción de cumprimento dos requisitos de accesibilidade por impoñer estes unha carga desproporcionada regulada no artigo 7	
D	Realizar os informes que se determinen para garantir o cumprimento das previsións establecidas no artigo 19	

44	¿Qué tipo de paquete OSPFv2 se utiliza para reenviar información de cambio de enlace OSPF?	
A	Actualización de estado de enlace	
B	Descrición da base de datos	
C	Recoñecemento de estado de enlace	
D	Autorización de estado de enlace	

45	O Concello de Abegondo contratou unha empresa especializada en materia de seguridade de redes para axudar a identificar vulnerabilidades da rede corporativa. A empresa envía un equipo para facer probas de penetración á rede corporativa do concello. Por que o equipo empregaría técnicas baseadas en fuzzing?	
A	Para aplicar enxeñería inversa a ficheiros binarios ao escribir exploits e ao analizar malware	
B	Para detectar calquera evidencia de hackeo ou malware nunha computadora ou na rede	
C	Para descubrir vulnerabilidades de seguridade dunha computadora	
D	Para detectar ferramentas instaladas dentro de ficheiros ou directorios que facilitan aos actores de ameazas o acceso remoto e o control sobre unha computadora ou a rede	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

46	Segundo o artigo 26 da Lei 19/2013, de Transparencia, que recolle os Principios de Bo Goberno, cal dos seguintes non é un principio xeral que deberán observar as persoas no ámbito de aplicación do Título II?:	
A	Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións	
B	Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen, sen prexuízo de outras que lle fosen esixibles legalmente	
C	Manterán unha conduta digna e tratarán aos cidadáns con esmerada corrección	
D	Poñerán en coñecemento dos órganos competentes calquera actuación irregular da que teñan coñecemento	

47	Segundo o establecido no artigo 39 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o Punto de Acceso Electrónico cuxa titularidade corresponde a unha administración pública, organismo público ou entidade de dereito público, que permite o acceso a través de Internet á información publicada e, no seu caso, á sede electrónica correspondente denomínase:	
A	Páxina web	
B	Portal de internet	
C	Portal institucional	
D	Web oficial	

48	Segundo o establecido no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas:	
A	De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos Servizos Públicos, agás nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei	
B	De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, só cando a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos Servizos Públicos, agás nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei	
C	De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos Servizos Públicos, exceptuándose unicamente os casos de forza maior	
D	De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do mal funcionamento dos Servizos Públicos, agás nos casos de forza maior	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

49	Segundo o establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado	
A	Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos	
B	Cando se ignore o lugar de notificación	
C	Cando non foi posible practicar a notificación logo de intentalo	
D	Todas as respostas son correctas	

50	De conformidade co establecido no artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as leis de Galicia:	
A	Publicaranse no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado e a aos efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no Boletín Oficial do Estado	
B	Publicaranse no Diario Oficial de Galicia e nos Boletíns Oficiais da Provincia e a aos efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia	
C	Publicaranse no Diario Oficial de Galicia e de xeito potestativo no Boletín Oficial do Estado. Aos efectos da súa vixencia rexerá a data da publicación da dita rexerá no Diario Oficial de Galicia	
D	Publicaranse no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado e a aos efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia	

51	Segundo o establecido no artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia, exércense:	
A	A través do Parlamento, da Xunta, do Consello de Contas e do Valedor do Pobo	
B	A través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente	
C	A través do Parlamento, da Xunta e do Consello de Contas	
D	A través do Parlamento, da Xunta, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Valedor do Pobo	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

52	Segundo o artigo 80 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, do 1 de outubro, na instrución do procedemento, agás disposición expresa en contrario, os informes serán	
A	Preceptivos e non vinculantes	
B	Facultativos e vinculantes	
C	Facultativos e non vinculantes	
D	Preceptivos e vinculantes	

53	Segundo o artigo 124 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para interpoñer recurso de reposición contra un acto administrativo expreso será de:	
A	Catro anos	
B	Un mes	
C	Tres meses	
D	Seis meses	

54	En que título do Estatuto de Autonomía de Galicia están recollidas as competencias de Galicia	
A	Título preliminar	
B	Título 1	
C	Título 2	
D	Título 3	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

55	A seguinte entrada no crontab 01 02 * * 1 tar -zcf /var/backups/home.tgz /home/ dunha máquina Linux:	
A	Crearía cada semana, ás 01.02 a.m. dos domingos, unha copia de seguridade co nome home.tgz do contido baixo o directorio /home	
B	Crearía cada semana, ás 02.01 a.m. dos luns, unha copia de seguridade co nome home.tgz do contido baixo o directorio /home	
C	Crearía os luns e os martes, ás 01.00 a.m., unha copia de seguridade co nome home.tgz do contido baixo o directorio /home	
D	Produciría un erro na execución do comando	

56	A ordenanza para a regulación da administración electrónica do Concello de Abegondo recolle os deberes no seu artigo 6, entre os que non se atopa:	
A	O deber de utilizar os servizos e procedementos da Administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso	
B	Deber de facilitar á Administración municipal unha información veraz e completa	
C	Deber de confidencialidade	
D	Deber de custodia daqueles elementos identificativos persoais e intransferibles	

57	A ordenanza para a regulación da administración electrónica do Concello de Abegondo recolle que este deberá poñer a disposición dos interesados un modelo ou sistema electrónico de solicitude para a iniciación dun procedemento administrativo. Este modelo deberá ser:	
A	Específico en todo caso	
B	Xenérico segundo os requisitos establecidos pola normativa aplicable.	
C	Específico, ou no seu defecto, xenérico segundo a normativa aplicable	
D	A ordenanza non recolle esta obriga	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

58	Os documentos públicos electrónicos, segundo a ordenanza para a regulación da administración electrónica do Concello de Abegondo, terán garantida:	
A	A autenticidade e fiabilidade	
B	A integridade e dispoñibilidade	
C	A autenticidade, integridade, dispoñibilidade e fiabilidade	
D	Ningunha resposta é correcta	

59	A Constitución Española establece no artigo 86, que en caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá ditar:	
A	Decretos-Lei, sometidos a debate e votación pola totalidade do Congreso dentro dos 15 días seguintes a súa promulgación.	
B	Decretos legislativos, sometidos a debate e votación pola totalidade do Congreso dentro dos 15 días seguintes a súa promulgación.	
C	Decretos-Lei, sometidos a debate e votación pola totalidade do Congreso dentro dos 30 días seguintes a súa promulgación.	
D	Decretos legislativos, sometidos a debate e votación pola totalidade do Congreso dentro dos 30 días seguintes a súa promulgación.	

60	A Xunta de Goberno Local, segundo a Lei de Bases de Réxime Local, debe existir nos concellos:	
A	Con menos de 5000 habitantes	
B	Con máis de 5000 habitantes ou con menos de 5.000 habitantes se así o dispón o seu regulamento orgánico ou así o acordase o Pleno municipal.	
C	Con máis de 5000 habitantes ou con menos de 5000 habitantes se así o dispón o seu regulamento orgánico e existe un acordo do Pleno municipal.	
D	Con máis de 5000 habitantes se así o dispón o seu regulamento orgánico	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

PREGUNTAS RESERVAS:

01	Na Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, indícanse que son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de:	
A	Solidariedade e equilibrio intermunicipais	
B	Equidade e atención integrais	
C	Solidariedade e atención integral	
D	Integridade e desconcentración	

02	De entre os recursos das facendas locais, non se atopa:	
A	O produto das operacións de crédito Europeo	
B	Recargos exixibles sobre impostos de outras entidades locais	
C	Subvencións	
D	Todas as respostas son correctas	

03	Cal das seguintes é unha diferenza entre a máquina virtual de Java e a máquina virtual do framework .NET?	
A	A de .Net soporta múltiples linguaxes e a de Java non	
B	A de .Net non inclúe recolección de lixo (garbage collector) e a de Java si.	
C	A de Java non inclúe seguridade en tempo de execución e a de .Net si	
D	A de Java non inclúe soporte de excepcións e a de .Net si	





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

Web: www.abegondo.gal
Sede electrónica: sede.abegondo.gal
Enderezo electrónico: correo@abegondo.gal

04	Cal dos seguintes frameworks NON proporciona persistencia en Java?	
A	Hibernate	
B	Cayenne	
C	Ibatis SQL Maps	
D	DataMapper	

